20/02/2019

# Día de Rosalía 2019 nos museos da Rede Museística

**Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo sumámonos á celebración do Día de Rosalía de Castro o próximo domingo, 24 de febreiro, data que coincide coa de aniversario de nacemento da ilustre escritora.**



A celebración consiste en que cada visitante que se achegue a algún dos museos ou sala de exposicións recibirá de agasallo (ata fin de existencias) unha lámina da autoría de Noemí López e unha rosa.

A lámina de agasallo é da autoría de **Noemí López**, está inspirada no poema 31 do libro *Cantares Gallegos* de Rosalía.

**Horarios de visitas**

Museo Provincial de Lugo(horario de visitas)

Museo Provincial do Mar, Cervo(horario de visitas)

Museo Pazo de Tor, Monforte(horario de visitas)

Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol (horario de visitas)

Sala de Exposicións Pazo de San Marcos (horario de visitas)

**Día de Rosalía 2019 (Lectura da súa obra organizada pola AELG)**

A área de cultura da Deputación de Lugo colabora coa AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) no acto que vai ter lugar o mesmo día, 24 de febreiro, ás 13:00h, no parque Rosalía de Castro (a carón do busto da escritora) e que vai consistir na lectura pública da obra da nosa escritora universal. (+ info)

